

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**Organismo:**

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no-Diario Oficial de Galicia-)

SUMARIO

Decreto/2016, do ... de, polo que se modifica o Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural

TEXTO:

O día 22 de xaneiro de 2010 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural.

Un dos obxectivos deste decreto era regular algún aspecto do procedemento para a imposición de sancións nas materias propias do medio rural.

A elaboración e entrada en vigor de novas disposicións legais que afectan ao procedemento sancionador determina a necesidade de modificar este decreto. En concreto, o día 2 de outubro de 2015 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Esta lei regula o procedemento especial sobre potestade sancionadora integrado como unha especialidade do procedemento administrativo común e derroga o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora. Desta derogación derívanse unha serie de consecuencias, entre elas a que motiva esta modificación normativa.

O Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, prevé no seu artigo 20.6 un prazo supletorio máximo para resolver os procedementos sancionadores de 6 meses desde o ditado do acordo de inicio do procedemento, transcorrido o cal sen terse ditado e notificado a resolución debe entenderse caducado, sen prexuízo da obriga da Administración de ditar unha resolución expresa.

A Lei 39/2015, do 4 de agosto, non regula un prazo supletorio de duración do procedemento sancionador en defecto de previsión na norma específica que regule o concreto procedemento. Isto determina que, en defecto de tal previsión, o prazo supletorio de duración do procedemento que se debe aplicar é o xenérico de 3 meses que contempla a propia Lei 39/2015, do 4 de agosto, no seu artigo 21.3, prazo este a todas luces insuficiente para permitir a tramitación dun procedemento sancionador con todas as garantías para o administrado que esixe a lei citada.

En consecuencia, en todas as materias que afectan ao medio rural nas que a súa lexislación procedimental específica non prevea un prazo concreto de duración do procedemento rexerá o prazo que se regula neste decreto. Neste sentido a Lei 39/2015, do 4 de agosto, habilita tal regulación ao establecer no seu artigo 21.2 que o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado na norma reguladora do correspondente procedemento.

Por outra banda, o artigo 6 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, regulaba tamén os órganos competentes para a imposición de sancións en materia de conservación da natureza. Porén, como consecuencia da estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, contida no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, as competencias nesta materia foron atribuídas á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, polo que compre suprimir esta previsión da regulación contida neste decreto que regula unicamente as materias competencia da Consellería do Medio Rural.

A competencia de que dispón a Administración das comunidades autónomas para establecer os seus propios procedementos para o exercicio da potestade sancionadora deriva do artigo 149.3 da Constitución Española.

En consecuencia, por proposta da conselleira do Medio Rural, de acordo co ditame do/oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural*

O Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural, queda redactado da seguinte forma:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 1º.- *Obxecto*

O obxecto deste decreto é regular os órganos competentes para a imposición de sancións en materia de agricultura e gandería e establecer o procedemento sancionador aplicable en materias do medio rural.”

Dous. Suprímese o artigo 6.

Tres. O artigo 10 queda redactado como segue:

“Artigo 10. *Procedemento sancionador*

O prazo para resolver e notificar os procedementos sancionadores nas materias propias do medio rural reguladas neste decreto, será de 6 meses contados desde o ditado do acordo de inicio, en todas aquelas materias nas que a normativa reguladora do procedemento non estableza un prazo específico diferente.”

Disposición transitoria única. *Órganos sancionadores en materia de conservación da natureza.*

As referencias á materia de conservación da natureza contidas na anterior redacción do apartado 1 do artigo 1 e o artigo 6 do Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, continuarán vixentes ata o momento da entrada en vigor da regulación correspondente en materia de conservación da natureza, a proposta da consellería competente.

Disposicións derradeira única

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de dous mil dezaseis

Alberto Nuñez Feijoo

Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira do Medio Rural